

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO MIRADOR DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.**

Sendo as 13.00 horas do día 7 de marzo de 2012, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais:

- Lino José González-Dopeso García, Concelleiro Delegado da Área de Medio Ambiente e Zona Rural.
- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista.
- Dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Ángel Trabada Gómez, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Asisten así mesmo as seguintes persoas:

- Don Benito Alonso, en representación da empresa ESCO EXPANSIÓN SPAIN, S.L.
- Don Javier Belón Otero.
- Don Bruno Serén Gude.
- Don Antonio Lorenzo Lusquiños.
- Dona María Jesús García, en representación da empresa PULPERÍA AURORA E HIJOS, S.L.
- Don Jesús Carral Freire.
- Don Dámaso Expósito Guerra, en representación da empresa TERRAS DE LUGO, S.L.
- Don Manuel López Río, en representación de dona Ermitas López Río.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar que durante o prazo concedido para a subsanación da documentación administrativa, por parte das empresas TERRAS DE LUGO, S.L e ESCO EXPANSIÓN SPAIN, S.L., procederon a achegar documentación, sendo admitida a da empresa TERRAS DE LUGO, S.L., e non sendo admitida a da empresa ESCO

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refª: ACTA\_APERTURA\_OFERTAS\_ECONOMICAS\_CAFETERIA\_MIRADOR\_PARQUE.doc

Asunto:

EXPANSIÓN SPAIN, S.L., debido a que da documentación presentada no prazo concedido non se acredita a solvencia técnica esixida, concretamente o establecido no apartado 6.2 a) da cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares:

“Experiencia na prestación de servizos análogos a este contrato, realizados nos últimos tres anos por parte do licitador”.

De seguido procedeuse á apertura dos sobres (B) dos licitadores admitidos á licitación, sendo o seu resultado o seguinte:

- ANTONIO LORENZO LUSQUIÑOS, oferta un canon de 1.600 € e un período de carencia de 0 meses.
- BRUNO SERÉN GUDE, oferta un canon de 1.600 € e un período de carencia de 0 meses.
- MANUEL JESÚS SERÉN CARREIRA, oferta un canon de 1.800 € e un período de carencia de 15 meses.
- HERMITAS LÓPEZ RÍO, oferta un canon de 1.650 € e un período de carencia de 22 meses.
- JESÚS CARRAL FREIRE, oferta un canon de 2.313 € e un período de carencia de 16 meses.
- TERRAS DE LUGO, S.L. oferta un canon de 2.566 € e un período de carencia de 0 meses.
- JAVIER BELÓN OTERO, oferta un canon de 2.400 € e un período de carencia de 18 meses.
- PULPERÍAS AURORA E HIJOS, S.L., oferta un canon de 2.017 € e un período de carencia de 3 meses.

Á vista dos datos sinalados, a Mesa de Contratación acorda que por parte do Servizo de Contratación se proceda á calcular a puntuación das anteriores ofertas, tendo en conta o disposto na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, así como a tramitación oportuna, en caso de ofertas desproporcionadas ou temerarias, segundo o establecido no segundo parágrafo do punto 1 da citada cláusula décimo segunda.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz